## CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS

*Resolución do 12 de novembro de 2008 pola que se dispón a publicación do acordo do Consello Galego de Cooperativas sobre premios á cooperación.*

O Consello Galego de Cooperativas, na súa sesión plenaria do 12 de novembro de 2008, acordou aprobar as bases reguladoras dos premios á cooperación para o ano 2009.

En uso das atribucións que teño conferidas pola Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e polo Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas,

*DISPOÑO:*

A publicación no *Diario Oficial de Galicia* do acordo referido.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2008.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Presidente do Consello Galego de Cooperativas

**Acordo do Consello Galego de Cooperativas do 12 de novembro de 2008 polo que se convocan os VIII premios á cooperación**

A Constitución española, no seu artigo 129.2º, encoméndalles aos poderes públicos a promoción das diversas formas de participación na empresa e o fomento, mediante unha lexislación adecuada, das sociedades cooperativas.

A Comunidade Autónoma galega asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, ampliando a recollida no artigo 28.7º do Estatuto de autonomía de Galicia.

En uso da referida competencia ditouse a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, a cal recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas, creando o Consello Galego de Cooperativas como máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo na comunidade autónoma, coa encomenda de velar polo cumprimento dos principios cooperativos, pola axeitada aplicación da lei e polo respecto das regras dunha xestión correcta e democrática das cooperativas de Galicia.

Coa finalidade de fomentar e difundir o cooperativismo na comunidade autónoma, así como para recompensar publicamente o labor que as cooperativas e outras institucións e persoas veñen realizando neste sentido, o Consello Galego de Cooperativas considerou axeitado instituír con periodicidade anual os premios á cooperación.

Polo que antecede, o Pleno do Consello Galego de Cooperativas, na súa reunión do 12 de novembro de 2008,

*ACORDOU:*

Único.-Aprobar as bases polas que se regulan os premios á cooperación para o ano 2009, segundo o anexo que se xunta.

*ANEXO*

**Bases polas que se rexerá a convocatoria dos premios á cooperación 2009**

Primeira.-*Destinatarios.*

Poderán optar a estes premios as cooperativas e as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que realizasen un destacado labor no eido do cooperativismo na Comunidade Autónoma galega.

Segunda.-*Modalidade.*

Os premios á cooperación convócanse baixo as seguintes modalidades:

-Premio aos valores cooperativos.

-Premio ao mellor proxecto cooperativo.

-Premio á promoción do cooperativismo.

Terceira.-*Premio aos valores cooperativos.*

1. Outorgarase á cooperativa, entidade ou persoa que máis teña destacado no impulso dos valores cooperativos na Comunidade Autónoma galega.

2. O xurado valorará a traxectoria dos/as candidatos/as, especialmente as actuacións dirixidas á aplicación práctica dos principios cooperativos establecidos pola Alianza Cooperativa Internacional e a súa adecuación ao marco socioeconómico galego.

3. O premio terá unha dotación económica de 6.000 euros.

Cuarta.-*Premio ao mellor proxecto cooperativo.*

1. Outorgarase ao proxecto empresarial cooperativo de especial relevancia, tanto de cooperativas de nova creación como das previamente existentes.

2. O xurado terá en conta a especial relevancia do proxecto, que pode vir determinada tanto polo seu carácter innovador ou de intercooperación ben como por outras características singulares e pola súa repercusión no contorno, especialmente nos eidos económico, social e laboral.

3. O premio terá unha dotación económica de 6.000 euros.

Quinta.-*Premio á promoción do cooperativismo.*

1. Outorgarase á persoa ou entidade que teña destacado especialmente no fomento do cooperativismo, tanto pola súa traxectoria como por actuacións de carácter puntual que resulten particularmente significativas.

2. O xurado terá en conta a actividade ou actividades realizadas polos/as candidatos/as e a súa repercusión na implantación e desenvolvemento do cooperativismo en Galicia, tanto nos seus aspectos cua-

litativos como cuantitativos, e valorará especialmente os persoeiros do cooperativismo como xeito de recoñecer as súas traxectorias neste eido.

3. O premio terá unha dotación económica de 6.000 euros.

Sexta.-*Candidaturas, documentación e prazo.*

As candidaturas poderán presentarse, asinadas polo/a candidato/a ou persoa que o propoña, na Secretaría do Consello Galego de Cooperativas (Consellería de Traballo, edificios administrativos de San Lázaro, Santiago de Compostela) acompañada de memoria explicativa e documentación xustificativa dos valores e méritos alegados.

Poderase requirir dos interesados aquela información e documentación complementaria que poida resultar relevante para a avaliación dos méritos alegados, particularmente en relación coa aplicación práctica dos principios e valores cooperativos.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 31 de maio de 2009.

Sétima.-*Xurado.*

Para efectos de concesión dos premios, actuará como xurado a Comisión Permanente do Consello Galego de Cooperativas e a súa decisión será inapelable.

O xurado poderá declarar os premios desertos ou conceder premios compartidos. De existiren premios desertos, a súa contía poderase acumular aos premios que se concedan de xeito compartido.

Oitava.-*Entrega dos premios.*

Todos os premios serán outorgados polo xurado e procederase á súa entrega no transcurso do acto público que se celebrará con motivo do día do cooperativismo.

Novena.

A participación nestes premios supón a aceptación incondicional destas bases.

*Resolución do 12 de novembro de 2008 pola que se fan públicas as bases do certame* Cooperativismo no ensino, *dirixido aos centros educativos de Galicia, e se procede á súa convocatoria.*

A Constitución española no seu artigo 129.2º encoméndalles aos poderes públicos a promoción das diversas formas de participación na empresa e o fomento, mediante unha lexislación adecuada, das sociedades cooperativas.

A Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, recoñece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas, e crea o Consello Galego de Cooperativas como máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo na comunidade autónoma, tendo entre as súas funcións a promoción da educación e a formación cooperativa.

Con esta finalidade o Consello Galego de Cooperativas, na súa reunión do pleno do 12 de novembro de 2008, acordou a convocatoria do certame *Cooperativismo no ensino*, dirixido aos centros educativos de Galicia, correspondente ao ano 2009. A súa concreción e realización levarase a cabo de xeito coordinado entre as consellerías de Educación e Ordenación Universitaria, e de Traballo.

Polo que antecede, en uso das atribucións que teño conferidas pola Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e polo Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas,

*DISPOÑO:*

A publicación das bases do certame *Cooperativismo no ensino*, dirixido aos centros educativos de Galicia e a súa convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. As bases reguladoras recóllense nos anexos I e II.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2008.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Presidente do Consello Galego de Cooperativas

*ANEXO I*

Certame *Cooperativismo no ensino* dirixido a centros educativos de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria.

Modalidade de debuxo, pintura, fotografía e/ou vídeo.

Modalidade de actividades cooperativizadas.

Primeira.-Poden participar neste certame, nas modalidades que se indican, todos os centros educativos da nosa comunidade autónoma con alumnado de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria.

Na modalidade de debuxo, pintura, fotografía e/ou vídeo poden participar as seguintes categorías:

-A: alumnos/as de 2º ciclo de educación infantil.

-B: alumnos/as de 1ºe 2º de educación primaria.

-C: alumnos/as de 3º e 4º de educación primaria.

-D: alumnos/as de 5º e 6º de educación primaria

Na modalidade de actividades cooperativizadas poderán concursar os/as alumnos/as de primeiro e segundo ciclo de educación secundaria obrigatoria, nas seguintes categorías:

-E: alumnos/as do primeiro ciclo da ESO.

-F: alumnos/as do segundo ciclo da ESO.

Establécense dúas fases:

-1ª fase: actividades de fomento do cooperativismo no centro escolar.